


INDICACIÓNS FASE II

APLICACIÓN DESDE O 25 DE MAIO DE 2020

MOBILIDADE


- Pódese circular pola provincia.
- As **persoas ata 70 anos** poderán **realizar actividade física non profesional** ao aire libre **agás nas franxas horarias de 10 a 12 e de 19 a 20 horas** que quedan reservadas para maiores de 70 anos.
- Estarán **permitidos os grupos de ata 15 persoas mantendo a distancia de seguridade** de dous metros (excepto as persoas que convivan xuntas que non están obrigadas a manter esta distancia).




COMERCIO

- Os establecementos comerciais poden **facen uso ata o 40% do seu aforo**. Recorda manter sempre a distancia de seguridade e se non é posible soamente poderá permanecer un cliente dentro do local.

- Os locais de hostalaría poden reiniciar o servizo dentro do **local ata un 40% do seu aforo** preferentemente con cita previa.
- **A distancia entre as mesas** (ou agrupación de mesas) será de **dous metros** e acordes ao número de **persoas (máximo 10)** que deberán respectar a distancia de seguridade interpersonal.
- **En ningún caso se fará uso da barra** por parte da clientela.
- **Non poderán abrir as discotecas nin bares de lecer nocturno.**



HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN




HOTEIS E ALOXAMENTOS TURÍSTICOS

- Poderán proceder á **apertura de zonas comúns ata 1/3 do seu aforo**. Os seus servizos de restauración seguirán as mesmas pautas xerais dos locais de restauración.

- Os **bañistas deberán facer un uso responsable da praia**, tanto desde un punto de vista medioambiental como sanitario, mantendo a distancia de seguridade e as medidas hixiénicas necesarias. **Non se poderá facer uso das ducha nin fontes de auga.**
- **Prégase ler e seguir as indicacións e distribución** que se atoparán en todos os accesos aos areais.

PRAIAS



BIBLIOTECA MUNICIPAL POETA RAMIRO FONTE

- Reinicia o día 26 de maio a **atención ao público para o servizo de devolución e préstamo de libros de luns a venres** en horario de **10 a 13:30**.

INDICACIÓNS FASE II

APLICACIÓN DESDE O 25 DE MAIO DE 2020

TURISMO ACTIVO E DE NATUREZA

- Están permitidas as actividades de turismo activo e de natureza para grupos de ata 20 persoas organizadas por empresas rexistradas e con actividades concertadas preferentemente con cita previa.



PESCA DEPORTIVA E RECREATIVA



- Autorízase a súa práctica en todas as súas modalidades mantendo a distancia de seguridade ou uso de máscara, non compartindo os utensilios de pesca, nin utillaxe de comida ou bebida, ademáis de limpar e desinfectar os utensilios de pesca utilizados.

RESIDENCIAS

- Autorízanse as visitas a residentes de vivendas tuteladas, centros residenciais de maiores e de persoas con discapacidade en centros que leven máis de 15 días sen casos da covid-19. Estarán limitadas a unha persoa por residente, utilizando a equipa de protección adecuada e mediante cita previa.



E SEMPRE

Sé responsable, lava as mans con moita frecuencia e recorda que o uso de máscara é obrigatorio desde os 6 anos na vía pública, espazos ao aire libre e espazos cerrados de uso público sempre que non sexa posible manter a distancia de seguridade de 2 metros.



Pontevedra